

## **COMUNICADO DE PRENSA**

# **O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia condena o asasinato machista cometido onte en Redondela**

---

*Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017-* O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresa a súa máis rotunda condena ao asasinato machista cometido onte luns en Redondela, ao tempo que desexa trasladar a súa solidariedade e as súas condolencias á familia e ás persoas achegadas da vítima.

Desde este Colexio reitérase o total rexeitamento a calquera tipo de violencia psicolóxica, física ou sexual contra a muller. Toda a cidadanía, pero moi especialmente os seus responsables políticos, debe traballar para poñer fin a esta dramática lacra social e, neste sentido, é imprescindible que se apliquen políticas de apoio e de protección integral ás vítimas da violencia machista.

A prevención é o mecanismo real para pór fin á violencia contra as mulleres e así desterrar condutas que permanecen na sociedade e que perpetúan o maltrato á muller. Desde a psicoloxía reclamamos que se poña o foco nas medidas de carácter preventivo e de intervención psicolóxica, especialmente nas idades máis temperás, para erradicar estereotipos machistas e desigualdades que sustentan a violencia contra a muller. Sen unha aposta decidida pola prevención será inevitable que sigamos lamentando sucesos tan tráxicos como o asasinato cometido en Redondela.

**Saúdos,**

**Departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)